

## **GRADUACIÓN XERACIÓN 2007 - 2013**

Lembro o primeiro minuto dentro de este edificio. Semella lonxano... pero podería describilo con exactitude. Lembro milleiros de hormonas pululando no ambiente, decenas de nenos en plena efervescencia e non demasiados profesores exercendo, en realidade, de domadores de feras. Lembro tamén o novidoso que resultaba todo para nós, que eramos rapaciños acostumados á escola de primaria. O momento máis emocionante da mañá era, por suposto, o recreo, no que podíamos dar renda solta ás nosas emocións adolescentes. Por aquel entón vivimos romances vergoñosos, amizades turbulentas, medos estúpidos, inimidades a morte... dos que algúns, hoxe, aínda seguen vivos. Todo aquilo reflíctese agora na nosa mente como vivencias de nenos, emocións banais, sen importancia pero por aquel entón eran o centro das nosas vidas.

E fomos medrando sen nos decatarmos, pouco a pouco formamos a persoa que somos hoxe. Sen quererlo evolucionamos, aprendimos a ser persoas, no IES Sofía Casanova e tamén na escola da vida. Consequimos achegarnos ao noso futuro coa axuda de profesores cos que conectamos e que lograron que nos decatásemos de quen queriamos ser. Cada un de nos lembrará dentro de trinta ao mestre que fixo clic na súa mente. Grazas a eles conservamos as ganas de chegar ata o último exame de segundo de bacharelato que dende primeiro da ESO semellaba imposible de alcanzar, eles convencéronos de que pagaba a pena. Nas distintas clases polas que pasamos sempre fixemos piña... comprobamos que a unión fai a forza, pois non hai nada como o compañeirismo e a solidariedade para combater os nervios e o medo. Cos compañeiros compartimos sorrisos, festivais, noites excursións, festa, parvadas, vaciles... encargados de amenizar os nosos días entre libros; pero tamén foron quen de vivir os nosos medos, desesperanzas, nervios, bágoas, días e días de estudo, enfados... Todas elas experiencias que serviron de aprendizaxe e coas que fomos seleccionando as persoas que agora son non só compañeiros, senón

amigos deses que se contan cos dedos dunha man. Ademáis medramos acompañados de irmáns insoportables que nos fixeron fortes e dos que máis tarde descubrimos que tamén tiñan corazón, aínda que resultase increíble. Foron os irmáns e as irmás de quen seguimos a estela e quen non dubidaron nin un segundo en axudarnos cando nos sentimos perdidos. Son eles quen completan a nosa existencia. Choramos diante de papá e mamá cando un suspenso nos collía por sorpresa; aprendimos deles, tamén, que non hai nada imposible e por suposto, chegamos aquí grazas ao seu esforzo e o seu apoio incondicional. Distanciámonos dos nosos pais facendo gala da nosa adolescencia irrefreable e evitamos falar con eles de cousas “persoais”, aínda que a día de hoxe penso que todos nós nos decatamos de que son os pais os que nos poden axudar en calquera cousa, somos os seus fillos e nunca se van alonxar de nós. A todos eles, profesores, compañeiros, amigos, irmáns e especialmente pais e nais, grazas por compartir connosco os mellores momentos e sobre todo por saber facer que os peores rematasen por ser, cando menos, bos.

E seis anos despois é cando nos preguntamos: e agora que? É neste preciso instante cando as dúbidas que críamos inexistentes aparecen a milleiros. Chega o final dunha gran etapa e as portas cara ás que levamos camiñando 6 anos resultan ser máis pesadas do que críamos. Achéganse perigosamente as decisións que orientarán o noso futuro e das que depende a nosa felicidade. O único que debemos facer é decidir co corazón, deixarnos levar e camiñar cara o que cremos que conseguirá completarnos. Non podemos permitir que o gris do mundo exterior empañe as cores da nosa xuventude. Non podemos perder a esperanza, nin tampouco as ganas de vivir para mellorar o mundo. Temos que loitar polo noso futuro coa mellor arma da que gozamos: o sorriso. E nunca dobregarnos, pois se choramos por non poder ver o Sol, as bágoas nunca deixarán que vexamos as estrelas.